

MUSEO ARQUEOLÓGICO PROVINCIAL

BOLETIN AVRIENSE

NO LEMBRAR
OLGA GALLEGO DOMÍNGUEZ
I



Ano XLI-XLII

OURENSE, 2011-2012

Tomo XLI-XLII

OS LIBROS DUN ROMÁNTICO: A BIBLIOFILIA DE JACOBO MARÍA DE PARGA Y PUGA

Concha Varela Orol*

RESUMO / ABSTRACT:

Analízase a colección de libros doada á Universidade de Santiago polo político galego Jacobo María de Parga y Puga, incluíndo o catálogo destes libros realizado polos seus testamentarios en 1853. A análise mostra que o valioso conxunto de edicións, fundamentalmente do Século de Ouro, responde ós intereses e gustos da primeira xeración de románticos españois.

We analyze the book collection donated to the Universidade de Santiago by the galician politician Jacobo María de Parga y Puga, including the catalog of these books accomplished by his executors in 1853. The analysis display that the rich set of issues, basically the Golden Age, answer the interests and the fancy of the first generation of Spanish romantics.

Yo considero a Lope, Góngora y sus contemporáneos como los primeros que comprendieron el destino de la poesía castellana, y que abandonando la imitación de modelos latinos e italianos, establecieron el verdadero romanticismo español.

(Agustín Durán: *Romancero de romances caballerescos e históricos anteriores al siglo XVIII, Discurso preliminar*, 1832)

I. INTRODUCCIÓN

Entre as doazóns recibidas pola Biblioteca da Universidade de Santiago adoita destacarse a feita por Jacobo María de Parga y Puga, da que se pon en valor as súas achegas ás coleccións literarias desta biblioteca. Sobre a súa colección de libros hai numerosas referencias nos estudos de investigadores que traballaron sobre algunha peza desta colección ou en traballos sobre o patrimonio da Universidade compostelá. Pero soamente a publicación do escritor e historiador provincialista Antonio Neira de Mosquera (Neira de Mosquera, 1941), publicada por primeira vez en 1853, prestou unha atención exclusiva ós libros doados por Parga. Nesta homenaxe a Olga Gallego queremos revisitar esta colección para intentar facer unha nova lectura da mesma tantos anos despois de que Neira de Mosquera salientara a súa importancia.

*Universidade da Coruña

Pero antes de analizar a colección, presentaremos brevemente a quen doou estes libros. A biografía de Jacobo María de Parga y Puga é coñecida polo traballo publicado polo historiador Antonio Mejjide (Mejjide Pardo, 1992), a quen nos remitimos, facendo só unhas breves notas biográficas como introdución a este traballo.

O noso bibliófilo naceu en Santo Tomé de Vilacoba (Abegondo) en 1774 e estudou Dereito na Universidade de Santiago, sendo colexial de Fonseca dende 1790 a 1798 e doutorándose en Leis e Canons. Durante os anos composteláns tivo algúns problemas co Tribunal da Inquisición da cidade, que lle abre un expediente en 1795, onde sairán a relucir algúns dos seus libros e lecturas, xa que é acusado por algunhas testemuñas de ler a Montesquieu, Voltaire, Rousseau, e Filangieri (González Fernández, Martín, 2008: 417-422). O incidente non parece ter para el unha forte repercusión, xa que nos anos seguintes está en Madrid desempeñando diversos postos na administración (oficial maior do Ministerio de Facenda, oficialista da Xunta gobernativa do Reino, oficial maior do Ministerio de Gobernación, Ministro de Capa e Espada do Supremo Consello de Facenda, etc.), e actuando como comisario rexio para as reclamacións ó goberno francés derivadas do Tratado de París de 1814, cidade na que estará entre 1816 e 1819. Desempeña o posto de ministro da Gobernación ó comezo do Trienio liberal, encargo mal recibido pola Xunta revolucionaria da Coruña (Molas Ribalta, 2008: 225), e é nomeado membro do Consello Supremo de Facenda, da Xunta de Fomento da Riqueza do Reino, da Xunta Consultiva de Goberno, etc., etc.

Pero máis que a súa actividade política e administrativa, interésanos agora o seu labor relacionado coa ciencia, entre o que os seus contemporáneos resaltan os seus coñecementos en ciencias naturais, especialmente no campo da mineraloxía. Esta faceta dos seus intereses levaralle a ter neste campo unha vida tan activa como no da política e a administración. En 1815 ingresa na Academia de Ciencias de Baviera e na de Medicina de Madrid. Nese mesmo ano Parga é nomeado vocal da Xunta de Protección do que viña de denominarse Real Museo de Ciencias Naturais no que se integran o Gabinete de Historia Natural que se creara coas coleccións de Franco Dávila, o Real Xardín Botánico, o Laboratorio de Química e a Escola de Mineraloxía. Parga permanecerá na Xunta do Museo, con algunhas interrupcións pola súa renuncia entre 1820 e 1823, ano en que volve polo “desorden que reina en las Cátedras de Ciencias Naturales” (Calatayud Arinero, 2002: 120), ou por desaparición da Xunta, pero a relación coa Xunta aínda seguirá en 1827.

En 1819 ingresa na Sociedade Imperial Mineralóxica de San Petersburgo, e pouco antes da súa morte na Sociedade Xeolóxica de Francia. Foi tamén académico correspondente da Real Academia da Historia dende 1802, membro da sección de

Ciencias físicas e matemáticas da Academia Nacional creada no Trienio liberal, e da Academia de Ciencias exactas, físicas e naturais, da que foi un dos redactores dos seus Estatutos en 1847. De ser certa a atribución a el de ter convencido a Casiano del Prado para que se dedicase ós estudos mineralóxicos, sen dúbida figura entre os seus principais méritos neste terreo, onde William Maclure o definiu en 1822 como “el único Gentleman de ciencia que hay en Madrid” (Gil Novales, 1979: 60).

Relacionouse con importantes figuras da cultura do momento, entre os que cabe destacar, ademais de Casiano del Prado, ó botánico Simón de Rojas Clemente, ó Marqués de Miraflores, a Antonio Alcalá Galiano, a Julián Sanz del Río, ó poeta e historiador José Amador de los Rios, que lle dedicou un poema, ó historiador Antonio Ferrer del Río, ó bibliófilo e libreiro Vicente Salvá, o arabista Patricio de la Torre, ó bibliófilo ruso Sobolevskii, ó xeólogo escocés William Maclure, ó bibliotecario galego Joaquín Patiño. Sabemos da súa amizade con Agustín Durán, bibliotecario, estudoso do romanceiro e introdutor do romanticismo en España, e posiblemente tivo tamén relacións con outras figuras do seu círculo como Manuel José Quintana, con quen Parga coincidiu no Estamento de Próceres.

II. PARGA E PUGA, COLECCIONISTA E BIBLIÓFILO

Como é coñecido dende o século XVI as prácticas coleccionistas van adquirindo unha maior importancia, que se incrementará na Europa do XVII coas viaxes literarias en grande medida froito do pulo dos estudos orientais. No século XVIII conflúen algúns factores que reforzarán este coleccionismo, como foron os descubrimentos de Pompeia e Herculano, a publicación de *L'Antiquité expliquée* de Montfaucon (1719-1724), e as viaxes “literarias” que non se limitan xa ó mundo clásico, comezando a interesarse polas antigüidades nacionais. Sen dúbida esta atención as antigüidades nacionais non pode verse separadamente do desenvolvemento da historia crítica e esta servirá tamén para a construción dunha historia nacional, na que as inscricións, as moedas, os monumentos, as esculturas e os textos escritos forman parte das fontes imprescindibles para a súa elaboración. Montfaucon na obra citada sinalara que “*Les monumens de l'Antiquité se divisent en deux classes, celle des livres et celle des statues, bas-reliefs, inscriptions et medailles, deux classes dis-je, qui se prêtent des secours mutuels*”.

E así entre os múltiples obxectos que podían formar parte das coleccións, foran estas reais ou de particulares, estaban naturalmente os libros, con frecuencia acompañados por monetarios, tal e como ocorre na colección de Jacobo María de

Parga e Puga. O seu interese polas antigüidades é así mesmo patente na correspondencia coa Comisión de Antigüidades da Real Academia da Historia, remíndolle a tradución do orientalista francés Garcin de Tassy da inscrición árabe da igrexa de Santa María do Azogue de Betanzos (Maier Allende, 2007: 137).

Tres son as coleccións que coñecemos que posuía Parga y Puga: unha de minerais, e as citadas de moedas e libros. O coleccionismo de minerais desenvolveuse ó mesmo tempo que a mineraloxía como disciplina científica, e simultaneamente tamén naceu un importante mercado destes, que ten o seu máximo expoñente no comerciante Henry Heuland que organizou grandes subastas das que se nutriron importantes coleccións mineralóxicas europeas. Os intereses científicos de Parga foron sen dúbida a base sobre a que se desenvolveu esta colección, na que tamén se formou Casiano del Prado. Pero non só os seus amigos tiñan acceso a ela; mostrará moi pronto a xenerosidade que acostuman sinalar as testemuñas da época, ofrecendo en 1816 ó Museo de Ciencias Naturais a súa disposición a depositar nel esta colección para a Escola do Museo (Calatayud Arinero, 2002: 60), que reclamará en 1823 e 1825, séndolle devolta este último ano. Á morte de Parga, en 1850 foi adquirida polo Museo en 71.510 reais (Izaguirre, 1971: 502) esta colección formada por máis de 5.000 exemplares, e en 1851 aínda terá lugar a derradeira achega de Parga ó Museo, xa que ingresou nel unha colección de minerais rusos obtidos polo político galego a traveso do director da Escola de Minas de San Petersburgo (Sánchez Almazán, Alcalá). A súa colección foi considerada por Antonio Gil de Zárate como "...de las más completas y preciosas que pueden verse, por la variedad, hermosura y buena determinación de los ejemplares, no faltando acaso ninguna de las especies conocidas" (Gil de Zárate, 1855: t. III, 261).

Xunto á colección de minerais, posuía Parga tamén unha importante colección numismática, composta por 7.000 moedas (González Fabre, 2004: 226). O comercio numismático foi importante en España no século XIX, nutríndose en boa parte das crebas do patrimonio espoliado na Guerra da Independencia e posteriormente das pillaxes levadas adiante nos bens desamortizados, aínda que non faltasen tamén subastas e vendas en almoedas de coleccións particulares (Acosta Nieto, 2007). Á súa morte a colección de Parga foi valorada polos anticuarios Antonio Delgado y Hernández y Basilio Sebastián Castellanos e adquirida polo goberno, ordenándose que se trasladase á Biblioteca Nacional para que se entresacasen as moedas que se considerasen necesarias para o seu monetario, pasándose as restantes á Real Academia da Historia.

O coleccionismo de libros non era raro entre as xentes de letras de principios do século XIX. Por estes anos existían en España un bo número de bibliófilos,

de cuxas bibliotecas nos deixou importantes novas o viaxeiro e bibliófilo ruso Sergei Aleksandrovich Sobolevskii (Sobolevskii, 1951), que chega a España en 1849 co obxectivo de coñecer as bibliotecas e os coleccionistas de libros do país. Certamente existe entón unha importante nómina destes coleccionistas, como Gayangos, Estébanez Calderón, Agustín Durán, Bartolomé José Gallardo, e o propio Parga y Puga. Un repaso a estes nomes permítenos con facilidade ver a relación do desenvolvemento da bibliofilia española na primeira metade do século XIX coas correntes de recuperación da literatura española medieval e áurea que caracterizarán ós primeiros esforzos de teorizar o romanticismo en España, moi influídos polo romanticismo alemán, ademais de mostrarnos a existencia dun importante mercado de libro antigo, sen dúbida en moitos casos procedente dos distintos procesos desamortizadores e dos espolios da Guerra da Independencia.

A colección de libros de Parga non nos é coñecida na súa totalidade, xa que foi dispersada á súa morte; unha parte chega á Universidade de Santiago, outra rematou, ó menos en parte, no Ministerio de Fomento (Gil de Zárate, 1855: t. III, 363), que a adquiriu ós herdeiros de Parga. Tamén coñecemos informacións sobre a mesma que nos ofrecen outras testemuñas coetáneas a Parga como Agustín Durán ou Sergei Aleksandrovich Sobolevskii.

Parga debeu formar a súa biblioteca dende os anos de colexial en Fonseca, xa que nalgúns dos seus libros empregou un ex libris co seguinte texto: “Soy de D. Jacobo María de Parga y Puga Colegial en el Mayor de Fonseca de la Ciudad de Santiago”, etiqueta que está presente nos fondos da súa procedencia que pasaron da Biblioteca do Ministerio de Fomento á Biblioteca da Universidade Complutense.

Algúns dos libros enviados a Compostela foran agasallos a Parga, tal e como ocorre co exemplar do *Discurso sobre los romances antiguos...* ou cun dos exemplares das *Trovas* (nº 47), ambas obras de Agustín Durán, que foron regaladas polo autor ó seu amigo, tal e coma figura na dedicatoria. Tamén é probable que se trate dun agasallo o *Cancionero* de Juan del Encina impreso en Zaragoza en 1516 (nº 46), que leva unha anotación de “Regalado por el Ilmo. Sr. Dn. Agustín Lorenzo Varela, Obispo de Salamanca”, un lucense que era senador vitalicio. Outros exemplares levan notas de anteriores posuidores, pero debe tratarse de libros adquiridos por Parga y Puga no abundante mercado de libros procedentes de bibliotecas privadas e dos espolios a que xa fixemos referencia.

Pero a colección de tesouros bibliográficos xuntados na súa biblioteca non se limitaba ás coleccións doadas á Universidade de Santiago. Sobolevskii indica referíndose a el que “ha reunido, con selección y buen gusto, los incunables de

su país, las antiguas traducciones de los clásicos griegos y latinos al español, los primeros monumentos tipográficos y literarios de España en verso y prosa, así como los trabajos de los antiguos sabios españoles en las ciencias” (Sobolevskii, 1951: 93-94). Se non encontramos máis que un incunable no catálogo destas coleccións, tampouco están presentes os textos das achegas á ciencia en España. Porén, si temos novas doutros incunables pertencentes a Parga citados na *Tipografía española* de Francisco Méndez, continuada por Dionisio Hidalgo (Méndez, 1861: 335, 337). Aínda que en número moi limitado, si aparecen na doazón algunhas traducións dos clásicos gregos e latinos como a primeira edición da tradución ó castelán de Pedro Sánchez de Viana de *Las Transformaciones de Ovidio* (nº 114), a primeira edición da tradución de Cristóbal de Mesa das *Églogas* e as *Xeórgicas* de Virxilio (nº 201), *Anacreonte, Safo y Tirteo* traducidos por Castillo y Ayensa (nº 164), e *Los Nueve libros de los exemplos, y virtudes morales* de Valerio Máximo traducidos por Diego López (nº 24).

Pero tamén hai referencias de Agustín Durán a pregos soltos consultados por el na colección de Parga (Durán, 1849: t. I, VIII-IX), ou dunha edición do *Fuero de Cáceres* que tiña na súa biblioteca da que dispuxo Fermín Gonzalo Morón que tampouco aparecen nesta doazón, como non o fan obras contemporáneas en que Parga aparece na lista de subscritores, como por exemplo a *Historia de la dominación de los árabes en España* (1821) de José Antonio Conde ou a *Historia de los dos sitios que pusieron a Zaragoza en los años 1808 y 1809 las tropas de Napoleón* (1830) de Agustín Alcaide Ibieca.

Finalmente dicir que se atopan hoxe exemplares da súa colección co selo do Ministerio de Fomento na Biblioteca Nacional de Madrid e na Biblioteca Histórica da Universidade Complutense¹. Polo tanto, todo parece indicar que houbo unha selección que non apartou só os libros científicos, como sinalan algunhas fontes (Maffei, Rúa Figueroa, 1871-73), senón que cedeu “uno de los más estimados estantes de su librería” (Neira de Mosquera, 1941: 353).

¹ Os exemplares localizados nesta Biblioteca son: a importantísima obra do orientalista Herbelot, Barthélemy d’: *Bibliothèque orientale, ou Dictionnaire universel : contenant tout ce qui fait connoître les peuples de l’Orient*. Paris, Chez Moutard, 1781-3, 6 vols.; Mirabeau, Honoré Gabriel de Riqueti, Comte de: *De la monarchie prussienne sous Frederic le Grand...* Londres, s.n., 1788, 7 vols.

III. A DOAZÓN

Parga non debeu deixar disposicións testamentarias en relación ó destino do seu monetario e a súa colección de minerais, pese a que el formara parte dalgunhas das institucións finalmente receptoras dos fondos. Pero si introduciu unha cláusula no testamento en relación cunha porción de valiosos libros que doou á Universidade de Santiago. Non deixa de ser sorprendente este distinto tratamento ás súas coleccións, sobre todo se temos en conta a longa relación que mantivera co Museo de Ciencias Naturais. Algúns estudosos buscan explicar esta doazón pola posible influencia de quen fora bibliotecario da Universidade de Santiago e logo da Biblioteca Nacional, Joaquín María Patiño (Parrilla, 2011). Porén, a fonte máis próxima a Parga, sitúa a doazón na tradición dos fillos de Galicia “amamantados en el sentimiento del provincialismo” (Neira de Mosquera, 1941: 353).

Por outra parte, como vimos de sinalar, para esta doazón fai unha escolla duns fondos determinados, case todos de carácter literario. Con que criterios fixo esta selección non o sabemos, aínda que de acordo coa información que chega ó reitor da Universidade a cláusula testamentaria sinalaba: “dejo un Estante que está en mi Gabinete a la mano derecha, conforme se entra a la Alcoba, con todos los libros que contiene, de literatura antigua y moderna, a la Biblioteca de la Ciudad de Santiago”², que por entón non era outra que a Biblioteca da Universidade. A redacción da cláusula deixa claro que só unha porción da biblioteca, a que está contida no armario indicado, é doada á Universidade.

Foi en maio de 1850 cando a Universidade de Santiago tivo coñecemento polos testamentarios, o liberal moderado Santiago Tejada Santa e o académico da Historia Anselmo Vara, da doazón que Parga establecera no seu testamento. A comunicación chegou acompañada dun inventario dos fondos doados. Na súa resposta ós testamentarios, a Universidade comunicalles que será Manuel Colmeiro quen se ocupe de recollelos en Madrid e que se compromete a sinalar os exemplares co nome de Parga e a época da doazón, tal e como pedían. Indícalles tamén que o retrato do legatario que existe na Universidade será colocado na Biblioteca nos andeis en que se ubiquen os seus fondos. A principios de xullo, os libros xa estaban na Universidade, agora cun novo inventario feito por Manuel Colmeiro. De acordo coas grallas que lles atribúe o bibliotecario compostelán no cotexo dos inventarios cos libros recibidos, o que reproducimos ó final deste traballo trátase do inventario redactado en Madrid polos testamentarios.

² AHUS (Arquivo Histórico Universitario de Santiago de C.), Universidade, Serie Histórica, Leg. 658.

O catálogo inclúe 242 rexistros bibliográficos con 334 volumes dunha colección de textos fundamentalmente literarios, uns fondos dos que a Biblioteca da Universidade de Santiago non estaba moi ben dotada pola propia procedencia de boa parte das súas coleccións. Xa en 1821 unha xunta nomeada polo claustro para avaliar os fondos da Biblioteca, sinalaba que se carecía ata de coleccións de clásicos gregos e latinos, de autores dramáticos, de romances e libros de cabalería, de novelas, etc.³, xustamente o que, se exceptuamos os clásicos gregos e latinos, en grande parte virá achegar esta colección. Esta carencia non era exclusiva da biblioteca compostelá, pois tampouco a Biblioteca Nacional de Madrid parecía ter a mediados do século XIX coleccións importantes no ámbito literario⁴.

Os fondos foron ubicados no primeiro momento no andel 101 da biblioteca e como desexaban os testamentarios foron dotados dun ex libris impreso coa lenda “Legado del Excmô Sor. Dⁿ Jacobo M^a de Parga y Puga. Año de 1850”. Na actualidade algúns dos seus libros figuran sen a etiqueta coa que se comprometera a dotalos a biblioteca de Santiago, pero a coincidencia dos datos bibliográficos, á súa signatura antiga coincidente co andel onde se colocaron os libros doados á súa chegada á Universidade, e a encadernación fainos supoñer que os exemplares hoxe existentes teñen esta procedencia. Tamén son hoxe ilocalizables un número menor, aínda que valioso, dos fondos que están no catálogo que transcribimos ó final deste artigo, títulos que non aparecen no catálogo actual nin no de impresos elaborados por José María Bustamante y Urrutia (Bustamante y Urrutia, 1944-63), e tampouco no antigo catálogo en fichas, tales como os indicados cos

³ AHUS, Universidade, Serie Histórica, Leg. 534.

⁴ Sobolevskii (1951: 88) ilustra esta carencia coa seguinte referencia: “... no hay, en la biblioteca nacional del país que las produjo *nada, absolutamente nada* de aquellas antiguas poesías, de aquellas viejas novelas, de aquellas crónicas curiosas, de aquellas colecciones dramáticas de las que las bibliotecas públicas y las colecciones de aficionados, en Londres, en París y en Alemania, son infinitamente más ricas”. Certamente a situación podería deberse a desorde e falta de índices da biblioteca, sinalada por moitos autores do momento como Durán, mais que á falta dos libros.

números 11⁵, 29⁶, 34⁷, 38⁸, 43⁹, 62¹⁰, 86¹¹, 172¹², 201¹³, 219¹⁴, e 235¹⁵. Problemas houbo dende o principio cos distintos listados da doazón. Así, o entón bibliotecario da Universidade de Santiago, Vicente Castro Lamas, oficiou ó reitor o 3 de

⁵ Zurita y Haro, Fernando Jacinto de: *Meritos disponen premios: discurso lírico*. Madrid, por Diego Díaz de la Carrera, 1654.

⁶ Libro primero de don Renaldos. Alcalá de Henares, Sebastián Martínez, a costa de Luys Gutiérrez... y Miguel Ferrer, 1563. Aínda que do catálogo dos testamentarios se deduce que se trata deste primeiro libro, os datos proporcionados por Neira de Mosquera en relación ós anos de impresión, 1563, 1564, parecen indicar que se trataría dos dous primeiros libros, quizá encadernados xuntos.

⁷ Del Pozzo, Paride: Libro llamado batalla de dos cõpuesto por el generoso Paris de puteo...; que trata de batallas particulares, de reyes, emperadores, principes, y de todo estado de caualleros, y d[e] hombres de guerra, en el qual se contiene el modo del desafío, y gaje de batalla, y concordar paz y de casos acaescientes...; y sentencias con razon, y exemplos de poetas, ystoriografos, legistas, canonistas, eclesiasticos...; traduzido d[e] lengua toscana en nuestro vulgar castellano...; agora nueuam~ete impresso... Fue impresso... en la... ciudad de Seuilla, por Dominico de Robertis, 1544.

⁸ Boccaccio, Giovanni: Libro de Juan Bocacio que trata de las ilustres mujeres. Sevilla, Jacobo Cromberger, 1528.

⁹ López de Villalobos, Francisco: Libro intitulado Los problemas de Villalobos que tracta de cuerpos naturales y morales y dos dialogos d[e] medicina y el tratado de las tres grãdes y una cancion, y la comedia de Amphytrion Zaragoza, en casa de George Coci, a expensas de Pedro Bernuz y Bartholome de Nagera, 1544.

¹⁰ Trillo y Figueroa, Francisco de: Neapolisea: poema heroyco y panegirico al Gran Capitan Gonzalo Fernandez de Cordoua... En Granada, por Baltasar de Bolivar y Francisco Sanchez, 1651.

¹¹ Castilla, Francisco de: *Theorica de virtudes en coplas, y con cõmento Compuesta por don Francisco de castilla. Y otras obras suyas en metro...* Fue impresso... en... Caragoça: por Agostin millan..., 1552.

¹² Tasso, Torquato: *Aminta: fabula pastoril de Torquato Taso, traducida por Juan de Jauregui*. Madrid, [s.n.], 1829 (imprensa de Eusebio Aguado).

¹³ Virgilio Marón, Publio: *Las eclogas y Georgicas de Virgilio. Y Rimas, y el Pompeyo, tragedia, de Christoual de Mesa*. En Madrid, por Iuan de la Cuesta, 1618.

¹⁴ Fuentes, Alonso de: Libro de los quarenta cantos que compuso el Magnifico Cauallero Alõso de Fuentes, natural de... Seuilla; diuididos en quatro partes. La primera es de Hystorias de la sagrada Scriptura. La segunda de hechos Romanos. La tercera de casos de diuersas nasciones. La quarta de Hystorias de Christianos cõ las cosas q[ue] acaescieron en la conquista de Malaga y Granada... Agora nueuamente corregido y enmendado ...En Granada, en la Emprenta de Antonio de Lebrixa, y Garcia de Briones, 1563.

¹⁵ Floresta de varios romances sacados de las historias antiguas de los hechos famosos de los doce Pares de Francia, agora nuevamente corregidos por Damian López de Tortajada. En Madrid, a costa de D. Pedro Joseph Alonso y Padilla..., 1746.

xullo de 1850 informándolle que o cotexo dos libros chegados á biblioteca presentaba diferenzas co listado elaborado polos testamentarios e tamén co listado elaborado por Manuel Colmeiro. En relación ó primeiro advertía a falta no listado de tres obras, o *Discurso sobre los romances antiguos caballerescos é históricos, y sobre los libros de caballerías* de Agustín Durán¹⁶, as *Composiciones latinas* de Rodríguez de Miranda¹⁷, e *El Adonis* de Castillo de Larzaval¹⁸, que si estaban no de Colmeiro (todos eles ausentes no catálogo que transcribimos). Os tres existen hoxe na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago, e o primeiro e o último teñen ex libris do legado de Parga. Pola contra, Castro Lamas indica que das obras incluídas no listado dos testamentarios faltaba o exemplar do rexistro que figura no catálogo co número 225¹⁹, que tampouco está hoxe na biblioteca, e no inventario de Manuel Colmeiro o número 13²⁰, da que existe hoxe un exemplar procedente deste legado. Se cotexamos o catálogo que aquí estudamos coa escolma de fondos postos de releve por Neira de Mosquera atopamos tamén unha obra que non aparece neste catálogo: a edición da terceira e cuarta parte do libro de cabalerías *Belianís de Grecia* de Jerónimo Fernández²¹, presente hoxe nas coleccións da Biblioteca Xeral da Universidade e coa signatura antiga correspondente o andel 101 que albergara ós libros de Parga, co que resulta moi probable que o exemplar teña esta procedencia.

¹⁶ Durán, Agustín: *Discurso sobre los romances antiguos caballerescos é históricos, y sobre los libros de caballerías*. [S.l., s.n.], [s.a.:1829?]

¹⁷ Rodríguez Miranda, Pedro: *Composiciones latinas... dedicadas al Excmo.e Illmo. Sr. D. Manuel Fernández Varela*. Madrid, Imp. de Eusebio Aguado, 1828.

¹⁸ Castillo de Larzaval: *El Adonis...* Salamanca, Jacinto Taberniel, 1633.

¹⁹ Safo: *Sapponis quae extant Carmina en paraphrasi elegiacam a Barnaba Canga*. [S.l., s.n.], 1802.

²⁰ Debe tratarse do exemplar facticio existente hoxe na Universidade que reúne as obras seguintes de Fernández de Moratín, Nicolás: *La Diana, ó Arte de la caza, poema...* por Don Nicolás Fernández de Moratín,... entre los Arcades de Roma Flumisbo Thermodonciaco. Madrid, M. Escribano, 1765; *El Poeta*. Madrid, Miguel Escribano, 1764; *Égloga a Velasco y González...* Madrid, Miguel de Escribano, s.a.

²¹ Tercera y quarta parte del imbencible principe dô Belianis de Grecia en que se cuêta la libertad de la princessas que de Babilonia fuerô lleuadas ... Burgos, Pedro de Santillana, 1579.

IV. A COMPOSICIÓN DA COLECCIÓN

O conxunto dos libros de Parga chegados á Universidade inclúe só un manuscrito (nº 22) e un incunable (nº 37)²², pero abonda en impresos dos séculos XVI e XVII. Non hai dúbida que Parga seleccionou un conxunto de libros especialmente valiosos que fora adquirindo, nalgún caso en máis dunha edición de datas moi próximas, aínda que como sinalamos todo parece indicar que non eran os doados á Universidade de Santiago todos os fondos que como bibliófilo posuía, senón so unha parte das súas coleccións, contidas nun determinado armario como indicaba a cláusula testamentaria. Por tanto, cabe analizar agora que seleccionou Parga para doar á Biblioteca da Universidade.

Unha lectura rápida do catálogo desta colección mostra axiña que a maioría dos libros están impresos en España, sendo soamente un 20% dos rexistros bibliográficos os que se publicaron fóra das súas fronteiras, predominando os que levan no pe de imprenta Lisboa, e en menor número outras cidades dos Países Baixos, Francia e Italia. Esa mesma lectura manifesta tamén o grande número de títulos cuxas datas de edición corresponden ós séculos XVI e XVII que supoñen máis do 73% do conxunto dos rexistros bibliográficos, formando un grupo considerablemente máis grande que os editados no século XIX no que Parga e Puga desenvolve a maioría da súa vida adulta. A distribución dos rexistros bibliográficos dos libros por séculos pode verse no cadro seguinte:

SÉCULO XV	SÉCULO XVI	SÉCULO XVII	SÉCULO XVIII	SÉCULO XIX
1 (0,41%)	76 (31,40%)	102 (42,15%)	31 (12,81%)	32 (13,22%)

Se temos en conta que en bo número de casos trátase de primeiras edicións ou edicións cronoloxicamente próximas á primeira, a distribución deixa clara a forza que teñen na colección os impresos do Século de Ouro español, o que hai que poñer en relación indubidablemente co momento histórico en que se desenvolve esta colección. Como é coñecido na primeira metade do século XIX vai

²² Unha descripción detallada do exemplar pode verse en Viña Liste, José María: Introducción, en Cartagena, Alonso de: Doctrinal de los caballeros. Santiago de Compostela, Universidade, 1995, p. XL-XLI, n. 106-107.

callando en España o movemento romántico, en importante medida debedor do romanticismo alemán e inglés, unha corrente que terá especial interese na historia, e dentro dela na Idade Media e o Século de Ouro. A distribución cronolóxica sinalada no cadro anterior mostra que este conxunto de libros pode ser representativo do interese que o Século de Ouro ten para a primeira etapa do romanticismo español, onde se desenvolven importantes esforzos de recuperación da literatura medieval e áurea, nunha corrente caracterizada polo historicismo e denominada “romanticismo tradicionalista” (Flitter, 1995) na que sobresaen Agustín Durán e Nicolás Böhl de Faber. Aínda que a atención á historia da literatura dirímese no romanticismo fundamentalmente en clave literaria, en oposición á literatura clásica e á súa reivindicación por parte do neoclasicismo, isto non debe facer esquecer o papel lexitimador do nacionalismo e o patriotismo presente nos románticos (Gies, 2000), e tan patente na defensa que o bo amigo de Parga, Agustín Durán, fai na súa reivindicación do teatro español. Neste sentido, a traxectoria administrativa e política do liberal conservador Parga y Puga e o seu interese literario non camiñaban por vías distintas, senón que eran complementarios.

Comezar analizando as obras do século XIX, editadas, por tanto, na vida do seu posuidor, axúdanos a comprender os intereses de Parga nesta selección de libros, pois dos 32 títulos impresos neste período unha parte importante son recompilacións da poesía española e galega, algúns títulos de poetas coetáneos, que se completan con algunhas edicións de clásicos como Cervantes, e dous textos fundacionais do romanticismo español. Son obras que en grande medida se sitúan na órbita do romanticismo, como as do brasileiro Francisco Adolfo de Varnhagen (nº 2, 15); a antoloxía da poesía española de Manuel Quintana (nº 158, 159) e o seu libro de poemas de 1802 (nº 160); os poetas en ocasións considerados prerrománticos, Meléndez Valdés (nº 155) e Martínez de la Rosa (nº 156, 157); recompilacións das cantigas galegas, como a de Varnhagen (nº 171); recompilacións da antiga poesía española, tales como a *Floresta de rimas antiguas castellanias* editada por Juan Nicolas Böhl de Faber (nº 53), e a súa continuación de Fernando José Wolf (nº 127), os catro volumes do *Romancero* editados por Agustín Durán (nº 126), a *Colección de antiguas poesías castellanias anteriores al siglo XV* de Pedro José Pidal (nº 130), a *Rimas inéditas de Don Íñigo López de Mendoza, Marqués de Santillana, de Fernán Pérez de Guzmán, Señor de Batres y de otros poetas del siglo XV* do romántico Eugenio de Ochoa (nº 56); autores especialmente queridos polos románticos, non so españois, senón tamén alemáns e ingleses, como Cervantes coa edición do *Quijote* acompañada da biografía do autor por Martín Fernández de Navarrete (nº 18), ou a edición comentada por Diego Clemencín (nº 25), Torquato Tasso (nº 172),

e Gil Vicente (nº 125); a crítica ó teatro do século XVIII de Agustín Durán no seu *Discurso sobre el influjo que ha tenido la crítica moderna en la decadencia del teatro antiguo español* (nº 162), ou o *Discurso sobre los romances antiguos* do mesmo autor a que xa fixemos referencia; o conxunto de estudos literarios publicados por Bartolomé José Gallardo en *El Criticón* (nº186), xunto coa historia das diversións medievais e a defensa do teatro que fixera Jovellanos na súa *Memoria para el arreglo de la policía de los espectáculos...*(nº72). Non faltan algúns autores pouco sospeitosos de romanticismo como Nicolás Fernández de Moratín (nº 51), aínda así con obras inspiradas en temas medievais, ou o seu fillo Leandro (nº 50, 52) cuxas comedias costumbristas con toques sentimentais foron do gusto do primeiro romanticismo (Navas Ruiz, 1990: 46), sendo cualificado por Agustín Durán de “escelente cómico”.

A literatura española do Século de Ouro foi considerada polos románticos alemáns como o modelo cultural que encarnaba os valores por eles defendidos (Chicote, 2000), e dentro dela o romanceiro, o teatro e Cervantes constituíron tópicos ós que se prestou a máxima atención. De Cervantes, ademais das edicións do século XIX xa sinaladas, posuía Parga unha edición do século XVII de *Persiles y Segismunda* (nº 9) e outra do XVIII das *Novelas ejemplares* (nº 22). Non enviou Parga á Universidade importantes fondos do teatro español, con escasas mostras como a *Propalladia* de Torres Naharro (nº 189²³) ou as obras de Gil Vicente (nº 125). Pero faltan os grandes autores dramáticos como Calderón, Tirso, Moreto ou Lope de Vega, do que si enviou as obras non dramáticas, os 21 volumes da *Colección de obras sueltas* da edición de Antonio de Sancha (nº 1) e as *Rimas humanas y divinas, del Licenciado Tome de Burguillos* (nº133). Tamén envía Parga é a *Storia critica dei teatri* de Pietro Napoli Signorelli (nº 154), que reivindicaba a importancia do teatro áureo español.

En canto ó romanceiro, no que atopou Herder expresada a creatividade do pobo, a presenza nesta colección é certamente notable, o que hai seguramente que relacionar coa amizade que unía ó noso bibliófilo con Agustín Durán, aínda que o interese por romanceiros e cancioneros estaba estendido, como mostran outras coleccións como a do citado Sobolevskii. Os dous volumes do *Romancero general*, recompilado por Manuel de Madrigal (nº 128), os *Romances* de Lorenzo

²³ A edición indicada no catálogo impresa en Madrid en 1573 incluía tamén o Lazarillo de Tormes. Ambos títulos foran expurgados por Juan López de Velasco por orde da Inquisición. O único exemplar existente hoxe na Universidade ten ex libris do legado de Parga e carece das follas correspondentes a esta última obra.

de Sepúlveda (nº 208), o *Romancero espiritual* de José de Valdivielso (nº 215), dúas edicións do século XVIII do *Romancero, e historia del muy valeroso caballero el Cid...* de Juan de Escobar (nº 178, 179), a *Floresta de varios romances...* de López de Tortajada (nº 235), a recompilación de romances novos *Primavera y flor de los mejores romances y sátiras* de Pedro Arias Pérez (nº 16), ós que hai que sumar os títulos xa indicados entre as edicións do século XIX, e cancioneiros como a primeira edición de 1511 do de Hernando del Castillo (nº 49) que incluía tamén pezas do romanceiro, a edición de 1516 do de Juan del Encina (nº 46), ou a primeira edición do de López de Maldonado (nº 129).

O poema extenso que cultivaron os románticos nutriuse en parte dos poemas épicos, representados nesta colección cunha selección das epopeas da literatura española, con algúns textos da portuguesa: a primeira edición de *El Pelayo* de Alfonso López Pinciano (nº 193), tamén a primeira de *La Argentina* de Martín del Barco Centenera (nº 138), *El cerco de Diu* de Jerónimo de Corte-Real (nº 144), *Los famosos y heroicos hechos del invencible y esforzado caballero, honra y flor de las Españas, el Cid Ruy Díaz de Bivar...* de Diego Jiménez Ayllón (nº 132), *El León de España* de Pedro de la Vecilla Castellanos (nº 146), *La Numantina* de Francisco de Mosquera (nº 95), a *Elegiada* de Luis Pereira (nº 170), *El Macabeo* de Silveira (nº 112), *El Alfonso* de Botello (nº 223), *Carlo famoso* de Luis Zapata (nº 84), *La Maltea* de Hipólito Sans (nº 152), *La Araucana* de Alonso de Ercilla (nº 166, 228) e a por ela influenciada *Arauco domada* de Pedro de Oña (nº 194), *La Mexicana* de Gabriel Lobo Lasso de la Vega (nº 207), *Historia de la Nueva México* de Gaspar Pérez de Villagrà (nº 153), *Grandeza mejicana* de Bernardo de Balbuena (nº 205), *La Cristiada* de Diego de Hojeda (nº 54), *La Austriada* de Juan Rufo (nº 191), *El Monserrate* de Cristóbal de Virués (nº 143), *La invención de la Cruz* de Francisco López de Zárate (nº 83), dúas edicións do poema épico burlesco *La Mosquea* de José de Villaviciosa (nº 167, 183), de Cristobal de Mesa *Las Navas de Tolosa* (nº 203) e *La restauración de España* (nº 204), *Malaca conquistada* de Francisco Sá de Meneses (nº 237), *La Napolisea* do Príncipe de Esquilache (nº 93), e con igual título a obra do galego Francisco de Trillo e Figueroa (nº 62), a *Laurentina, poema heroico de la victoria naval que tuvo contra los olandeses don Fadrique de Toledo Osorio...* de Gabriel Ayrolo Calar (nº 177), *El Pelayo* de Alonso de Solís Folch de Cardona (nº 8) e o de Ruiz de la Vega (nº 242).

O mundo cabaleiresco que representan os romances está tamén presente nos libros de cabalerías, dos que hai neste listado bastantes mostras xunto a outros textos claramente inspirados no mundo cabaleresco medieval: *Florando de Castilla* de Jerónimo Gómez de la Huerta (nº 26), o *Espejo de Príncipes y caballeros*

de Diego Ortúñez de Calahorra (nº 27), la *Crónica de los nueve más preciados varones de la fama* (nº 28), *Reinaldos de Montalbán* (nº 29), o *Amadís de Gaula* (nº 30), as *Sergas de Esplandián* de Garcí Rodríguez de Montalbo (nº 31), dúas edicións do século XVI da *Crónica Troyana*, etc. (nº 32, 33), o *Libro llamado batalla de dos* de Paris de Puteo (nº 34), o propio *Doctrinal de caballeros* de Alonso de Cartagena xa mencionado (nº 37), ou a tradución de Boscán de *El Cortesano* de Baltasar Castiglione (nº 60).

O costumbrismo, que terá importantes achegas entre os románticos españois, está presente neste catálogo nas súas primeiras manifestacións na literatura española do século XVII, coas obras de Juan de Zabaleta (nº 7) e de Francisco Santos (nº 19, 20).

Pero moitos outros autores dos séculos XIV, XV, XVI e XVII foron obxecto da atención do coleccionismo de Parga y Puga: o infante Don Juan Manuel con *El Conde Lucanor* anotado por Argote de Molina na segunda edición de 1642 (nº 131), o prerrenacentista Juan de Mena con dúas edicións del *Laberinto de fortuna* (nº 140, 141), as obras de Fernán Pérez de Oliva na edición de Ambrosio de Morales de 1586 (nº 81), as de Pedro de Padilla (nº 68, 85), Jorge de Montemayor coa *Diana* (nº 196), e a continuación de Alonso Pérez (nº 176), Antonio López de Vega coa segunda edición de *El perfecto señor; sueño político* (nº 87), a obra poética de Cristóbal de Mesa (nº 202), os culteranos Góngora (nº 73), Felix de Arteaga (nº 17), Gabriel Bocángel (nº 181), e Pedro Soto de Rojas (nº 209), así coma os comentarios á obra do primeiro por José Pellicer (nº 65); as dúas edicións existentes naquel momento das *Eróticas* de Esteban Manuel de Villegas (nº 89, 100, 105), o poeta popular Pérez de Hita (nº 148); a antoloxía poética de Pedro Espinosa (nº 59), a de Tomás Antonio Sánchez *Colección de algunas poesías castellanas anteriores al siglo XV* (nº 168), coa primeira edición do *Poema de mio Cid*, as obras de Gonzalo de Berceo, e o Arcipreste de Hita; dous volumes da *Colección de poetas castellanos* de Pedro Estala e Ramón Fernández (nº 226); os autores de coleccións de problemas tales como Francisco López de Villalobos (nº 41, 43) e Luis de Escobar (nº 45); a literatura picaresca coa *Celestina* de Fernando de Rojas (nº 222), *El escudero Marcos de Obregón* de Vicente Espinel (nº 231), e *La vida y hechos de Estebanillo González* (nº 230); as obras de Quevedo (nº 70, 139), a obra poética do Príncipe de Esquilache (nº 71), a poesía en galego e portugués de Manuel de Faria e Sousa (nº 238), a picaresca e os poemas de Salas Barbadillo (nº 210, 211, 212, 213), e *Los amantes de Teruel* de Yagüe de Salas (nº 200) nunha tradición que continuaría o drama romántico de Juan Eugenio Hartzenbusch.

Fóra das literaturas hispánicas, están aquí algúns dos autores máis queridos do romanticismo como Dante, Petrarca, Ariosto, Tasso. Dante, cuxo cristianismo e biografía o fai especialmente atractivo para o romanticismo, e que fora defendido por August Schlegel ó tempo que o fora Camoens, outro dos autores que posuía Parga (nº 120, 121, 122), está aquí na tradución que do *Inferno* realizou Pedro Fernández de Villegas (nº 39) e da que só se editou esta edición de Burgos do ano 1515, impresa por Fadrique Alemán de Basilea. De Petrarca posuía Parga a primeira tradución ó castelán de Antonio de Obregón dos medievalizantes *Triumpho*, aínda que non na primeira edición de 1512, senón na editada en Sevilla en 1526 (nº 36), pero ademais tiña da mesma obra a última tradución realizada no século XVI, a de Hernando de Hozes, editada en Medina en 1554 (nº 135). Está aquí tamén a tradución de Fernández de Madrid da obra *De los remedios contra próspera y adversa fortuna* (nº 35), e *Los Sonetos y Canciones del poeta Francisco Petrarca* (nº 96), tradución de Enrique Garcés e única completa ó español das rimas ata o século XX.

Diversas traducións do *Orlando furioso* de Ariosto aparecen neste catálogo (nº 75, 76, 77), todas do primeiro tradutor ó español deste poema épico, Jerónimo de Urrea. A obra representaba para Durán a fusión de todas as calidades dos distintos ciclos cabaleirescos. Tamén posuía Parga a imitación de Nicolás de Espinosa *La segunda parte de Orlando con el verdadero suceso de la famosa batalla de Roncesvalles* (nº 78), a continuación de Barahona de Soto (nº 94), a tradución de Garrido de Villena do *Orlando enamorado* de Boiardo (nº 79) e a súa continuación de Martín de Bolea y Castro (nº 145). Inspirada en Ariosto está tamén a obra de Ludovico Dolce *El nacimiento y primeras empresas del conde Orlando*, aquí en tradución de Pero López Henriquez de Calatayud (nº 80).

O romanticismo vese tamén representado na biografía de Torquato Tasso cuxa popularidade se vería reforzada polo drama de Goethe. Dúas edicións da *Aminta* aparecen no catálogo que analizamos, ambas da tradución ó español de Juan de Jauregui: a primeira edición de Roma en 1607 (nº 220), e unha coidada edición de Madrid de 1829 feita por Eusebio Aguado, cunha advertencia de Fermín Caballero e unha tirada de tan so 200 exemplares (nº 172). Do mesmo autor está tamén unha edición londinense de 1780 do poema heroico *Jerusalem delivré* (nº 227), e a tradución ó español de Antonio Sarmiento de Mendoza (nº 236).

Inclúese a continuación a transcripción do Catálogo da doazón de Parga feito polos testamentarios, no que só se engade a numeración dos rexistros e algunhas interpolacións, sempre entre corchetes, para corrixir erros da escritura, ou indicacións confusas.

APÉNDICE²⁴

Catálogo de las obras que el Excmô Sôr. D. Jacobo M^a de Parga y Puga lega a la Universidad de Santiago

Año de 1850

	LUGAR EN QUE SE IMPRIMIERON	AÑO DE LA IMPRESIÓN	TOMOS DE QUE CONSTA	TAMAÑO DE ELLOS	EN PASTA, RÚSTICA O PERGAMINO	
1	Obras de Lope de Vega	Madrid	1777	21	4°	Pasta
2	Amador Bueno del Varnhagen	Lisboa	1847	1	18°	rust ^{ca}
3	Suárez de Mendoza Eustorgio y Cloriline	Madrid	1629	1	4°	perg ^{no}
4	Bernardo Taso: Amadigi	Venecia	1583	1	4°	perg ^{no}
5	Sto. Tomás: Orfeo militar	Málaga	1688	1	4°	perg ^{no}
6	Benegassi: Vida de San Dámaso	Madrid	1763	1	4°	perg ^{no}
7	Zabaleta: Obras de	Madrid	1692	1	4°	perg ^{no}
8	Solís: El Pelayo	Madrid	1754	1	4°	perg ^{no}
9	Cervantes Persiles y Segismunda	Madrid	1617	1	4°	perg ^{no}
10	Román Meléndez: Epílogo de Utrera	Sevilla	1730	1	4°	perg ^{no}
11	Zurita: Méritos disponen premios	Madrid	1654	1	8°	perg ^{no}
12	Salinas: La Casta Susana	Huesca	1651	1	8°	perg ^{no}
13	Moratín, D. Nicolás Poesías varias	Madrid	1765	1	8°	pasta
14	Moratín, D. Nicolás Dramas	Madrid	1762	1	8°	pasta
15	Épicos brasileiros	Lisboa	1845	1	12°	pasta
16	Arias Pérez Primavera y flor de romances	Zaragoza	1636	1	12°	perg ^{no}
17	Arteaga: Obras póstumas	Alcalá	1650	1	8°	pasta
18	Cervantes: D. Quijote, con la vida de aquel y análisis de este	Madrid	1819	5	8°	pasta
19	Santos: El no importa de España	Madrid	1668	1	8°	perg ^{no}
20	Santos: Las tarascas de Madrid	Valencia	1694	1	8°	perg ^{no}
21	Cervantes: Novelas ejemplares	Ambers	1743	2	8°	pasta

²⁴ AHUS, Universidade, Serie Histórica, Leg. 658.

22	Hurtado: Las trescientas	Manuscrito		1	8°	r.
23	Alzaybar: Obras poéticas	Aix-la-Chapelle	1832	1	8°	rust ^a
24	Valerio en romance	Sevilla	1631	1	4°	pasta
25	Clemencín D. Quijote comentado	Madrid	1833	6	4°	pasta
26	[Gómez de Huerta, J]: Florando de Castilla	Alcalá	1588	1	4°	pasta
27	Ortuñez: Espejo de Príncipes	Zaragoza	1617	2	f°	pasta
28	Crónica de los nueve de la fama	Alcalá	1585	1	f°	pasta
29	Reinaldos de Montalbán	Alcalá	1563	1	f°	pasta
30	Amadís de Gaula	Salam ^{ca}	1575	1	f°	pasta
31	Sergas de Esplandián	Alcalá	1588	1	f°	pasta
32	Crónica troyana	Medina	1587	1	f°	pasta
33	Crónica troyana	Toledo	1542	1	f°	pasta
34	Puteo: Batalla de dos	Sevilla	1544	1	f°	pasta
35	[Petrarca, Francesco]Remedios contra próspera y adversa fortuna	Sevilla	1524	1	f°	pasta
36	Petrarca: Los seis triunfos	Sevilla	1526	1	f°	pasta
37	[Cartagena, Alonso de]: Doctrinal de los caballeros	Burgos	1487	1	f°	pasta
38	Bocacio: Ylustres mujeres	Sevilla	1528	1	f°	pasta
39	Villegas: (El Dante traducido por)	Burgos	1515	1	f°	pasta
40	Juan de Mena (Obras de)	Salam ^{ca}	1536	1	f°	pasta
41	Villalobos Problemas	Sevilla	1550	1	f°	pasta
42	Durán Trovas a la Reyna N ^a S ^a	Madrid	1832	1	f°	rust ^{ca}
43	Villalobos: Problemas y una comedia	Zarag ^a	1544	1	f°	pasta
44	Oviedo Crónica de Indias	Sin lugar y año		1	f°	pasta
45	Las Cuatrocientas del Almirante	Vallad ^d	1550	2	f°	pasta
46	Encina: Cancionero	Sin lugar y año		1	f°	pasta
47	Durán Trovas	“ “		1	f°	pasta
48	Padilla Retablo de la vida de Cristo	Toledo	1570	1	f°	pasta
49	[Hernando del Castillo]: Cancionero general	Sin lugar ni año		1	f°	perg ^{no}
50	Moratín (D. Leandro) Obras de	Madrid	1830	6	f°	pasta

51	Moratín (D. Nicolás) Obras póstumas de	Barcel ^a	1830	1	4°	pasta
52	Moratín (D. Leandro) Obras de	Paris	1825	3	4°	pasta
53	Floresta de rimas castellanas	Hamburgo	1821	3	4°	pasta
54	Ojeda: La cristiada	Sevilla [sic: 1611]	1511	1	4°	pasta
55	Argensolas: Rimas	Zarag ^a	1634	1	4°	pasta
56	Ochoa: rimas antiguas	Paris	1844	1	4°	p ^{ia}
57	Ubeda: La pícara Justina	Madrid	1735	1	4°	p ^{ia}
58	Mata: Cantos morales	Vallad ^d	1594	1	4°	p ^{ia}
59	Espinosa: Poetas ilustres	Vallad ^d	1605	1	4°	p ^{ia}
60	[Castiglione, Baldassare] Boscán [tr.]: El cortesano	Salam ^{ca}	1540	1	4°	p ^{ia}
61	Rey de Artieda: Obras de	Zarag ^a	1605	1	4°	p ^{ia}
62	Trillo: La Napolisea	Gran ^{da}	1652	1	4°	p ^{ia}
63	Basurto: Triunfo de la virtud	Roan	1649	1	4°	p ^{ia}
64	Hevia: Ramillete de varias flores	Mad ^d	1678	1	4°	p ^{ia}
65	Pellicer: Lecciones a las obras de Góngora	Mad ^d	1630	1	4°	p ^{ia}
66	Tapia: Los patrones de Segovia	Mad ^d	1623	1	4°	p ^{ia}
67	Castellanos: Elegías	Mad ^d	1589	1	4°	p ^{ia}
68	Padilla: Jardín espiritual	Mad ^d	1585	1	4°	p ^{ia}
69	Botillo: El nuevo mundo	Barcel ^a	1701	1	4°	p ^{ia}
70	Quevedo: Obras de	Bruselas [sic 1670]	1660	4	4°	p ^{ia}
71	Esquilache: Obras en verso	Ambers	1663	1	4°	perg ^o
72	Jovellanos: Diversiones públicas	Granada	1820	1	4°	rust ^a
73	Gongora: Obras de	Bruselas	1659	1	4°	perg ^o
74	Encyclopedie methodique: Gramaire et litterattur [sic]	Paris	1784	3	f ^b	p ^{ia}
75	Urrea: Orlando furioso con anotaciones	Anvers ^{‘‘} [1549]		1	4°	p ^{ia}
76	Urrea: Orlando furioso Sin portada	[Bilbao, 1583]		1	4°	p ^{ia}
77	Urrea: Orlando furioso	Venecia	1575	1	4°	p ^{ia}
78	Espinosa: Batalla de Roncesvalles	Anvers	1556	1	4°	p ^{ia}
79	Garrido de Villena: Orlando enamorado	Alcalá	1577	1	4°	p ^{ia}

80	[Dolce, Ludovico] Empresas de Orlando	Vallad ^d	1594	1	4 ^o	p ^{ta}
81	Oliva: Obras	Cordoba	1586	1	4 ^o	p ^{ta}
82	Bonilla: Nombres de Cristo	Baeza	1624	1	4 ^o	p ^{ta}
83	Zárate: La invención de la Cruz	Baeza	1648	1	4 ^o	p ^{ta}
84	Zapata: Carlo famoso	Valencia	1566	1	4 ^o	p ^{ta}
85	Padilla: Églogas pastoriles	Sevilla	1582	1	4 ^o	p ^{ta}
86	Castilla: Teórica y práctica de virtudes	Zarag ^a	1552	1	4 ^o	p ^{ta}
87	López de la Vega: Discursos y poesías	“	1652	1	4 ^o	p ^{ta}
88	Molina: Descripción de Galicia	Sin lugar ni año		1	4 ^o	p ^{ta}
89	Villegas: Las Eróticas	Nájera	1617	1	4 ^o	p ^{ta}
90	Tejada de los Reyes: León prodijioso	Madrid	1670	1	4 ^o	p ^{ta}
91	Carrillo: Obras	Mad ^d	1613	1	4 ^o	p ^{ta}
92	Brabo: La Benedictina	Salam ^{ca}	1604	1	4 ^o	p ^{ta}
93	Esquilache: Napolés recuperada	Ambers	1638	1	4 ^o	p ^{ta}
94	Barahona: Lágrimas de Angélica	Gran ^{da}	1586	1	4 ^o	p ^{ta}
95	Mosquera: La Numantina	Sevilla	1618	1	4 ^o	p ^{ta}
96	Sonetos y canciones de Petrarca	Madrid	1591	1	4 ^o	p ^{ta}
97	Pérez: Glosa famosa “ [Valladolid]	1561	1	4 ^o	p ^{ta}	
98	Enciso: La cristiada	“[Cádiz]	1694	1	4 ^o	p ^{ta}
99	Solis: Poesías de	“[Madrid]	1692	1	4 ^o	p ^{ta}
100	Villegas: Las Eróticas	Nájera	1618	1	4 ^o	p ^{ta}
101	Nieva: La mejor mujer Sin portada	[1625]	1	4 ^o	p ^{ta}	
102	Ulloa: Obras	Madrid	1674	1	4 ^o	p ^{ta}
103	Herrera: Versos de	Sevilla	1619	1	4 ^o	p ^{ta}
104	Cepeda: Tesoro de Cristo	Mad ^d	1645	1	4 ^o	perg ^o
105	Villegas: Las Eróticas	Mad ^d	1774	2	4 ^o	p ^{ta}
106	Jimenez Paton: Proverbios morales	“[Lisboa]	1617	1	4 ^o	p ^{ta}
107	Valdivieso: Esposición de los Salmos	Mad ^d	1623	1	4 ^o	p ^{ta}
108	Soto: Esposición del Psalterio	Alcalá	1612	1	4 ^o	p ^{ta}
109	Pellicer: Biblioteca del Traductor	Mad ^d	1778	1	4 ^o	p ^{ta}
110	Sarmiento: Obras póstumas	Mad ^d	1775	1	4 ^o	p ^{ta}

111	Blasco: Universal Redención	Toledo	1598	1	4°	p ^{ta}
112	Silveira: El Macabeo	Nápoles	1638	1	4°	perg ^o
113	Ordoñez: Eroidas bélicas	Barcel ^a	1622	1	4°	perg ^o
114	Sánchez de Viana: Anotaciones a Ovidio	Vallad ^d	1589	2	4°	p ^{ta}
115	Lobo: Primavera	Lisboa	1651	1	8°	perg ^o
116	Cortereal: Victoria de Lepanto	“	1568	1	4°	p ^{ta}
117	Suárez de Alarcón: La infanta coronada	Lisboa	1606	1	4°	p ^{ta}
118	Lobo: A Primavera	Lisboa	1608	1	4°	p ^{ta}
119	Ferreira: Poemas lusitanos	Lisboa	1598	1	4°	p ^{ta}
120	Camoens: Rimas	Lisboa	1595	1	4°	p ^{ta}
121	Camoens: Os Lusíadas	Lisboa	1609	1	4°	p ^{ta}
122	Camoens: Rimas Primera parte	Lisboa	1616	2	4°	p ^{ta}
	Segunda parte		1621			
123	Bernardez: Olima	Lisboa	1596	1	4°	p ^{ta}
124	Saa de Miranda: Obras	Lisboa	1614	1	4°	p ^{ta}
125	Gil Vicente: Obras de	Hamburgo	1834	3	4°	p ^{ta}
126	Duran: Romancero	Madrid	1832	4	4°	p ^{ta}
127	Floresta de rimas modernas castellanas	Paris	1837	2 en	14°	p ^{ta}
128	Romancero general: 1 ^a parte.....	Madrid	1604	2	4°	p ^{ta}
	2 ^a parte.....	Vallad ^d	1605			
129	Maldonado: Cancionero	Madrid	1586	1	4°	p ^{ta}
130	Pidal: Poesías antiguas castellanas	Madrid	1845	1	4°	p ^{ta}
131	Juan Manuel: El Conde Lucanor	Madrid	1642	1	4°	p ^{ta}
132	Jiménez Aylon: Hechos del Cid	Alcalá	1579	1	4°	p ^{ta}
133	[Vega Carpio, Félix Lope]: Rimas de Tomé de Burguillos	“[Madrid] [sic: 1634]	1624	1	4°	p ^{ta}
134	Pérez de Herrera Proverbios morales	Madrid	1618	1	4°	p ^{ta}
135	Hoces: Triunfos de Petrarca	Medina	1554	1	4°	p ^{ta}
136	Pelegrin: Trofeo de oro	Zarag ^a	1579	1	4°	p ^{ta}
137	Garcilaso de la Vega: Obras de	Madrid	1765	1	8°	p ^{ta}
138	Centenera: La Argentina	Lisboa	1602	1	4°	p ^{ta}
139	Epicteto y Phocílides por Quevedo	Madrid	1635	1	8°	p ^{ta}

140	Juan de Mena obras de	Alcalá	1566	1	8º	p ^{ta}
141	Juan de Mena obras de	Amberes	1552	1	8º	p ^{ta}
142	Ribeiro obras de	Colonia	1559	1	8º	p ^{ta}
143	Virues El Monsarrate [Monserrate]	“[Madrid]	1609	1	8º	p ^{ta}
144	Corte Real El cerco de Diu	Alcalá	1597	1	8º	p ^{ta}
145	Orlando determinado Sin portada	[Lérida,	1578]	1	8º	p ^{ta}
146	Vecilla El león de España	Salam ^{ca}	1586	1	8º	p ^{ta}
147	Sentencias de Guzmán	Vallad ^d	1581	1	8º	p ^{ta}
148	Pérez de Hita Zegries y Abencerrages	“[Alcalá]	1604	1	8º	p ^{ta}
149	[Ferreira de la Cerda, Bernarda]: Soledades de Buzaco	Lisboa	1634	1	8º	p ^{ta}
150	Zamora La Saguntina	Madrid	1607	1	8º	p ^{ta}
151	Laso de la Vega Elogios	Zarag ^a	1601	1	8º	p ^{ta}
152	Sans La Maltea	Valencia	1582	1	8º	p ^{ta}
153	Villagra: Nueva Mejico	Alcalá	1610	1	8º	p ^{ta}
154	Napoli-Signorelli Storia de Teatri	Napoles	“[1777]	1	8º	p ^{ta}
155	Meléndez Valdés Poesías de	Madrid	1820	4	8º	p ^{ta}
156	Martínez de la Rosa. Obras literarias	Paris	1827	5	8º	p ^{ta}
157	Martínez de la Rosa Poesías	Madrid	1833	1	8º	p ^{ta}
158	Quintana: Poesías selectas castellanas	Madrid	1830	4	8º	p ^{ta}
159	Quintana Musa épica	Madrid	1834	2	8º	p ^{ta}
160	Quintana Poesías de	Madrid	“[1802]	1	8º	p ^{ta}
161	Durán Romancero	Madrid	1828	5	8º	p ^{ta}
162	Durán Sobre el teatro antiguo español	Madrid	1828	1	8º	p ^{ta}
163	González Poesías del M ^{ro}	Madrid	1796	1	8º	p ^{ta}
164	Castillo y Ayensa Anacreonte Safo Tirteo	Madrid	1832	1	8º	p ^{ta}
165	Rebolledo Obras del Conde de	Madrid	1778	4	8º	p ^{ta}
166	Ercilla La Araucana	Madrid	1776	2	8º	p ^{ta}
167	Villaviciosa La Mosquea	Madrid	1777	1	8º	p ^{ta}
168	Sánchez Colección de Poesías anteriores al siglo 15	Madrid	1779	4	8º	p ^{ta}
169	Figuroa: El Pasajero	Madrid	1617	1	8º	p ^{ta}

170	Pereira La elegiada	Lisboa	1588	1	8°	p ^{ta}
171	Varnhagen ó libro das cantigas	“[Madrid]	“[1849]	1	8°	p ^{ta}
172	Jauregui: La Aminta	Madrid	1829	1	8°	p ^{ta}
173	Zarate varias poesías de	Madrid	1619	1	8°	p ^{ta}
174	[Guarini, Battista], Figueroa [tr.] El Pastor de Fido	Madrid	“[1622]	1	8°	p ^{ta}
175	Ribera Obras de	Madrid	1634	1	8°	p ^{ta}
176	Pérez La Diana	Venecia	1674	1	8°	p ^{ta}
177	Airolo La Laurentina	Cádiz	1624	1	8°	p ^{ta}
178	Escobar: Romancero del Cid	Cádiz	1702	1	12°	p ^{ta}
179	Escobar Romancero del Cid	Pamplona	1706	1	12°	p ^{ta}
180	Proverbios de Guasardo Sin portada [Córdoba, 1587]		1		8°	p ^{ta}
181	Bocangel Rimas y prosas	Madrid	1617	1	8°	p ^{ta}
182	Almela: Exequias de Murcia á Felipe 2°	Valencia	1600	1	8°	p ^{ta}
183	Villaviciosa: La Mosquea	Cuenca	1511	1	8°	p ^{ta}
184	Toledano: Minerba [Minerva] sagra [sacra]	Madrid	1616	1	8°	p ^{ta}
185	M. de Melo: Guía de casados	Madrid	“[1724]	1	8°	p ^{ta}
186	Gallardo: El Criticón 5 cuadernos	Madrid	1835	1	8°	rust ^a
187	Opere de L Alamanni	Luduni	1532	“	8°	p ^{ta}
188	[Contreras, Jerónimo de]: Dechado de varios sujetos	Zarag ^a	1572	1	8°	p ^{ta}
189	Naharro: La propaladia	Madrid	1573	1	8°	p ^{ta}
190	Rojas. Viaje entretenido	Madrid	“[1614]	1	8°	p ^{ta}
191	Rufo La Austriada	Madrid	1584	1	8°	p ^{ta}
192	Rufo Los Apotegmas	Toledo	1596	1	8°	p ^{ta}
193	Pinciano El Pelayo	Madrid	1605	1	8°	p ^{ta}
194	Oña: Arauco domada	Madrid	1605	1	8°	p ^{ta}
195	Zamora Historia de Sagunto	Madrid	1607	1	8°	p ^{ta}
196	Montemayor La Diana	Madrid	1622	1	8°	p ^{ta}
197	Cantoral Obras de	Madrid	1578	1	8°	p ^{ta}
198	Guzmán Retórica de J. de	Alcalá	1589	1	8°	p ^{ta}
199	Suárez Chaves Diálogos	Alcalá	1577	1	8°	p ^{ta}

200	Yagüe de Salas: Los amantes de Teruel	Valencia	1616	1	8°	p ^{ta}
201	Mesa: Las Églogas de Virgilio	Madrid	1618	1	8°	p ^{ta}
202	Mesa: Valle de lágrimas	Madrid	1607	1	8°	p ^{ta}
203	Mesa: Las Navas de Tolosa	Madrid	1594	1	8°	p ^{ta}
204	Mesa: La restauración de España	Madrid	1607	1	8°	p ^{ta}
205	Balbuena: Grandeza Mejicana	México	1604	1	8°	p ^{ta}
206	Ledesma: Conceptos espirituales	Madrid	1660	1	8°	p ^{ta}
207	Laso de la Vega: La Mejicana	Madrid	1594	1	8°	p ^{ta}
208	Sepúlveda Romancero	Ambers	1580	1	18°	p ^{ta}
209	Soto: Desengaño de Amor	Madrid	1622	1	18°	p ^{ta}
210	Salas Barbadillo: La ingeniosa Elena	Madrid	1737	1	8°	p ^{ta}
211	Salas Barbadillo: Rimas castellanas	Madrid	1618	1	8°	p ^{ta}
212	Barbadillo: Fiscal de vidas ajenas	Madrid	1753	1	8°	p ^{ta}
213	Barbadillo Coronas del Parnaso	Madrid	1635	1	8°	p ^{ta}
214	Ballesteros: La Eufrosina	Lisboa	“	1	8°	p ^{ta}
215	Valdivielso: Romancero	Alcalá	1668	1	8°	p ^{ta}
216	Valdivieso: Elogios al Santísimo	Madrid	1630	1	8°	p ^{ta}
217	Valdivieso: Sagrario de Toledo	Madrid	1616	1	8°	p ^{ta}
218	Valdivieso: Vida de S. José	Lisboa	1654	1	8°	p ^{ta}
219	Fuente: Cuarenta Cantos	Granada	1563	1	8°	p ^{ta}
220	Jauregui: La Aminta	Roma	1607	1	8°	p ^{ta}
221	Villalobos: Tesoro de Divina poesía	Madrid	1604	1	8°	p ^{ta}
222	La Celestina Sin portada [Venecia 1543]	1	8°	p ^{ta}		
223	Botillo: El Alfonso	Paris	1712	1	8°	p ^{ta}
224	Sedano: Parnaso Español	Madrid	1778	9	8°	p ^{ta}
225	Sapponis quae estant carmina	“[S.l.]	“[1802]	1	8°	rust.
226	Fernández: Colección de poetas Españoles	Madrid	1784	2	8°	p ^{ta}
227	Jerusalem deliveré [delivrée]	Londrés	1780	2	12°	p ^{ta}
228	Ercilla: La Araucana	Madrid	1828	2	12°	p ^{ta}
229	Salas: Emblemas cristianos	Valladolid	1658	1	12°	p ^{ta}
230	La vida y hechos de Estebanillo González	Madrid	“[1720?]	1	8°	p ^{ta}

231	Espinel: El escudero Marcos de Obregón	Madrid	“[1657]	1	8°	p ^{ta}
232	Avila y Zúñiga: Guerra de Alemania	Ambers	“[1549]	1	8°	p ^{ta}
233	Mendoza: Vida de Nuestra Señora	Madrid	1682	1	8°	perg ^{no}
234	Hoyos: Exequias de la Reyna D ^a Ysabel de Valois	Madrid	1569	1	8°	perg ^{no}
235	Tortajada: Los doce pares	Madrid	1746	1	18°	perg ^{no}
236	Sarmiento de Mendoza: La Jerusalem	Madrid	1649	1	8°	perg ^{no}
237	Saa de Meneses: Málaga conquistada	Lisboa	1634	1	8°	perg ^{no}
238	Rimas de Faria ó Fuente de Aganipe	Madrid	1644	2	8°	perg ^{no}
239	Vargas: Descensión de Nuestra Señora	Toledo	1654	1	8°	perg ^{no}
240	Espinosa: Elogio al Duque de Medina Sidonia	Málaga	1625	1	8°	perg ^{no}
241	Coplas de Mingo Revulgo	Madrid	1632	1	18°	perg ^{no}
242	Ruiz de la Vega: El Pelayo	Madrid	1839	3	8°	rust ^{ca}

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Acosta Nieto, Ignacio: “Coleccionismo numismático en España en el siglo XIX”, en Galende Díaz, Juan Carlos, Santiago Fernández, Javier de, eds.: *VI Jornadas científicas sobre documentación borbónica en España y América (1700-1868)*. Madrid, Universidad Complutense, 2007, pp. 9-42.
- Bustamante y Urrutia, José María: *Catálogos de la Biblioteca Universitaria*. Santiago de Compostela, Universidad, 1944-1963.
- Calatayud Arinero, María de los Ángeles: *Catálogo crítico de los documentos del Real Museo de Ciencias Naturales de Madrid (1816-1845)*. Madrid, Museo Nacional de Ciencias Naturales, 2002.
- Chicote, Gloria B.: “El romanticismo alemán y la construcción del romancero como objeto de estudio”, En Beltrán, Rafael, ed.: *Historia, reescritura y pervivencia del romancero: Estudios en memoria de Amelia García-Valdecasas*. Valencia, Universitat, 2000, p. 17-24.
- Durán, Agustín: *Romancero general o colección de romances castellanos anteriores al siglo XVIII...* Madrid, Imprenta de la Publicidad, 1849.
- Flitter, Derek: *Teoría y crítica del romanticismo español*. Cambridge, Cambridge University Press, 1995.
- Gies, David T.: “A modo de conclusión: La poesía romántica y la creación de una nación”, *Romanticismo* 7 (2000), p. 99-105.

- Gil de Zárate, Antonio: *De la instrucción pública en España*. Madrid, Imprenta del Colegio de Sordomudos, 1855.
- Gil Novales, Alberto: William Maclure. *Socialismo utópico en España (1808-1840)*. Barcelona, Universidad Autónoma, 1979.
- González Fabre, Miguel: *Aportación científica del ingeniero de minas D. Casiano del Prado y Vallo (1797-1866) en su contexto histórico*. Tesis doctoral. Universidad Politécnica de Madrid, 2004.
- González Fernández, Martín: *El idioma de la razón. Ilustración e Inquisición en Galicia (1700-1808)*. Vigo: Edicions Nigra Trea, 2008.
- Izaguirre, Ricardo: “Como se deforma una figura. Juan Guillermo Thalacker y las minas romanas de Oyarzun”, *Munibe*, XXIII, 4 (1971), p. 497-505.
- Maffei, Eugenio, Rúa Figueroa, Ramón: *Apuntes para una biblioteca española de libros, folletos y artículos... relativos al conocimiento y explotación de las riquezas minerales...* Madrid, Impr. De J.M. Lapuente, 1871-1873.
- Maier Allende, Jorge: *Noticias de antigüedades de las actas de sesiones de la Real Academia de la Historia (1834-1874)*. Madrid, Academia de la Historia, 2007.
- Mejide Pardo, Antonio: *El ilustrado, político y economista gallego Jacobo María de Parga y Puga (1774-1850)*. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1992.
- Méndez, Francisco: *Tipografía española...* 2ª ed. corr. e adic. por Dionisio Hidalgo. Madrid, Imprenta de las Escuelas Pías, 1861.
- Molas Ribalta, Pere: *Del absolutismo a la Constitución: la adaptación de la clase política española al cambio de régimen*. Madrid, Silex, 2008.
- Navas Ruiz, Ricardo: *El romanticismo español*. Madrid, Cátedra, 1990.
- Neira de Mosquera, Antonio: “Sobre una colección de libros”, *Revista de Bibliografía Nacional*, T. II, fasc. 3 e 4 (1941), p. 343-363. Previamente publicado no *Semanario Pintoresco Español*, 8-V-1853, p. 145-150.
- Parrilla, Carmen: “De copias decimonónicas de cancionero y el *Cancionero general* (1511) de la Biblioteca Universitaria de Santiago. Expurgos y restauración”, En Martos, Josep Lluís, coord.: *Del impreso al manuscrito en los cancioneros*. Alcalá de Henares, Centro de Estudios cervantinos, 2011, p. 187-205.
- Sánchez Almazán, J., Alcalá, L.: “Las colecciones de Geología del MNCN”, *Graellsia*, Disponible en www.reliegos.com/Documentos/coleccion_mnciencias.pdf
- Sobolevskii, Sergei Aleksandrovich: *Bibliofilia romántica española (1850)*. Valencia, Castalia, 1951.

Grupo *Marcelo Macias*

DE COLABORADORES DO MUSEO E ARQUIVO DE OURENSE

